

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011798	IES Alexandre Bóveda	Vigo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua galega e literatura I	1º Bac.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	35
4.2. Materiais e recursos didácticos	36
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	36
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	36
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	39
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	39
6. Medidas de atención á diversidade	39
7.1. Concreción dos elementos transversais	39
7.2. Actividades complementarias	41
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	42
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	42
9. Outros apartados	43

1. Introducción

A programación didáctica é un instrumento pedagóxico e didáctico co que conta o corpo docente para artellar de xeito flexíbel as actuacións precisas e acadar co alumnado obxectivos e competencias que nos dá o currículo para cada etapa e materia. A programación didáctica debe establecer prioridades no proceso de aprendizaxe (nas súas dúas acepcións de adquirir e transmitir coñecementos), así como clasificar os obxectivos e contextualizar os contidos do currículo. Deste xeito, unha programación didáctica debe presentar de forma coherente diferentes partes relacionadas entre si para acadar o éxito. Estas partes son: obxectivos, competencias, contidos, metodoloxía e avaliación. Así mesmo, debe desenvolver mecanismos para integrar todo o alumnado no proceso de aprendizaxe e facer unha educación inclusiva. Daquela, a atención á diversidade transfórmase nun elo central para o alumnado con necesidades específicas. Só deste xeito podemos garantir o acceso ao ensino en equidade.

Se fixermos ben o noso traballo como docentes, o alumnado terá unha aprendizaxe intelixente e así comprenderá mellor o mundo que o rodea. É moi importante potenciar a súa creatividade así como a reflexión sobre temas de actualidade, afondando con rigor nos contidos, para ter unha educación o máis global posíbel. Así é como desenvolvemos no estudantado o pensamento crítico e o descubrimento das súas competencias, que indican as súas capacidades de aplicar e adaptar o aprendido a novas situacións e contextos.

Esta programación didáctica baséase nos seguintes textos legais:

Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia

Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza.

Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza, con relación á exención da materia de lingua galega.

Recomendación do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de decembro de 2006 sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente.

O IES Alexandre Bóveda é un centro radicado na cidade de Vigo, no barrio de Coia. Este barrio é un dos máis populosos da cidade, con máis de 30.000 habitantes. Medrou moito a partir dos anos 60, despois da construción dun polígono de vivendas, e hoxe converteuse nunha zona con moito espazo verde e moi dinámica.

O centro ten máis de 800 estudantes e a súa oferta educativa consta de ESO e Bacharelato, con tres especialidades: científico-técnico, de ciencias sociais e humanidades e, finalmente, de artes (música e artes escénicas). Alén disto, ten catro centros de primaria adscritos: CEIP Seis de Nadal, Balaídos, Illas Cíes e Virxe do Rocío. O alumnado pertence, maioritariamente, a familias de clase media traballadora. Por regra xeral, temos pouco alumnado estranxeiro ou de fóra da comunidade, que acostuma ter unhas horas lectivas semanais por curso en agrupamentos específicos para a súa mellor integración.

A materia de Lingua Galega e Literatura, de libre configuración autonómica, é importante no desenvolvemento cognitivo e persoal do alumnado porque, á parte dos coñecementos académicos que achega, é un espazo de recoñecemento mutuo dos valores e patrimonio que Galiza posúe como nación. A lingua galega e as súas manifestacións culturais poden ser o lugar onde a nosa xuventude reafirme o sentimento de pertenza e se sinta orgullosa do noso, da nosa identidade como pobo. Tamén o alumnado debe coñecer e valorar a capacidade comunicativa da nosa lingua coa lusofonía, da que o galego fai parte por termos unha orixe común.

Para sabermos o grao de uso da lingua galega entre o noso alumnado fixemos unha enquisa sociolingüística a principios de 2020. Segundo os datos que deitou esa enquisa o alumnado do IES Alexandre Bóveda é maioritariamente castelanfalante. Máis dun 90% aprendeu a falar en castelán, aínda que logo di que non ten dificultades para se expresar en galego. Menos dun 4% declárase galegofalante, aínda que logo esa porcentaxe sobe até un 45% se os interlocutores son os avós. Talvez o dato para a esperanza o temos na cuestión 12 da enquisa en que lles preguntabamos cal é a lingua que utilizan se lles falan en galego. Un 76,3% respondeu que nese suposto sempre fala en galego. Teríamos que saber se esta resposta é verdade ou se só expresa o que o alumnado quere que

creamos. Se fose certa a resposta moitas situacións que se desenvolven en castelán pasarían a se desenvolver en galego só con que un dos interlocutores falase esa lingua. Así que temos traballo abondo para acadar a total normalización lingüística no noso centro.

A materia de Artes Escénicas de 1º e 2º de Bacharelato, troncal na modalidade de Artes, está adscrita ao departamento de Lingua Galega e Literatura desde o curso 2008-2009. Esta materia impártese en lingua galega e, polas súas características académicas, contribúe á normalización lingüística do centro a través do desenvolvemento de actividades prácticas que se concretan nunha función anual no salón de actos do instituto.

A Programación pretende ser a ferramenta que facilite as seguintes tarefas:

Planificar o traballo de maneira eficaz.

Reflexionar sobre o proceso de aprendizaxe do alumnado

Estabelecer pautas para a avaliación.

A situación creada a partir do estado de alarma e confinamento da poboación pola pandemia de Covid-19 que se prolongou de marzo a xuño de 2020 fixo que o alumnado non seguise as aulas co aproveitamento programado. Así que houbo que desenvolver rapidamente a actividade en liña e unha parte do temario ficou sen impartir. Por este motivo, durante o curso (2020-2021) a aula virtual converteuse nun recurso importante. As nosas actividades docentes a partir de entón, tanto na modalidade de ensino presencial como a docencia en liña, teñen un alicerce importantísimo na aula virtual.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e a riqueza dos bloques e áreas dialectais do galego, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.	1-5	2-3				1-2		1
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.	2	2	1	2-3	40	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade, para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	40	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	50	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, cun punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.	3			1-2-3-4	40	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	11			2-31-32
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-31-32-42

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Consolidar e afondar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.	1-2	2	1-2		50			
OBX10 - Pór as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.	1-5	3		3	31	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Somos moi do monte	Realización dunha avaliación inicial nas primeiras sesións. Presentación de ferramentas dixitais de utilidade para este curso, así como de recursos para a mellora da calidade lingüística na produción de textos escritos e orais en lingua galega. Análise do texto publicitario. Identificación dos elementos que participan no proceso de comunicación, así como dos elementos non verbais da comunicación. Coñecemento das diferentes disciplinas lingüísticas. Repaso das relacións semánticas das palabras	5	5	X		
2	Sushi	Análise do texto narrativo. Farase unha reflexión sobre as funcións sociais da lingua e valoraranse os fenómenos resultantes do contacto entre linguas (biblingüismo, conflito e diglosia). Procedementos de formación de palabras (prefixación e sufixación)	5	5	X		
3	A saca	Análise do texto dialogado. Orixe e formación da lingua galega. Substrato e superestrato. Evolución do latín vulgar ao	5	5	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	A saca	galego. Voces patrimoniais, cultismos e semicultismos. O substantivo: clasificación semántica, xénero e número	5	5	X		
4	Onde está Ánxela?	Análise do texto descritivo. Achegamento ao galego da Idade Media: situación histórica e características lingüísticas. O adxectivo: graos e partículas comparativas. Familias léxicas irregulares	5	5	X		
5	Cinco formatos por expandir	Análise do texto expositivo-informativo. Realización dunha exposición oral sobre algún aspecto da cultural galega actual. Achegamento ao galego da Idade Moderna: situación histórica e características lingüísticas. O pronome persoal: tipoloxía, colocación do pronome átono. Léxico estándar e desviacións da norma	5	5	X		
6	Mudanzas	Análise do texto argumentativo. Achegamento ao galego moderno (ata 1916): situación histórica e características lingüísticas. O artigo, os determinantes e os pronomes: morfoloxía e funcións. A linguaxe científico-tecnolóxica e os tecnolectos. Lectura obrigatoria dunha obra narrativa (galega ou traducida ao galego) prestando atención ás súas particularidades formais e temáticas.	5	5	X		
7	Máis ovella que vaca	Análise da noticia. A variación interna da lingua galega (farase especial mención das variedades diastráticas e diafásicas). O verbo: formas regulares. A linguaxe xurídico-administrativa	5	5	X		
8	Wage Kori, saharauí	Análise da reportaxe. A diversidade lingüística en Europa. O verbo: alternancias vocálicas e formas irregulares. Os préstamos lingüísticos	5	5		X	
9	Efebifobia	Análise dos xéneros xornalísticos de opinión. A diversidade lingüística na península ibérica. O verbo: formas nominais e perífrases verbais. Fraseoloxía. Lectura obrigatoria dalgún texto clásico da literatura galega, preferentemente do período obxecto de estudo deste curso	5	5		X	
10	Paula Cons, premio Xacobeo	Análise da entrevista. O portugués e a lusofonía. O adverbio, a preposición, a conxunción e a interxección. Toponimia e antroponimia	5	5		X	
11	A linguaxe literaria	Farase unha análise dos elementos que interveñen na comunicación literaria e estudaranse os recursos de uso máis frecuente na linguaxe literaria. Farase un repaso dos artificios empregados na versificación	5	5		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
12	Os xéneros literarios	Analizaranse as características dos xéneros lírico, narrativo e dramático a partir da análise de mostras literarias variadas. Realización dunha exposición oral sobre algún tema sociolingüístico proposto polo docente ou sobre a diversidade lingüística da península ibérica	5	5		X	
13	Literatura galega de tradición oral	Introdución á literatura galega de tradición oral. Estudo das súas características fundamentais e dos seus xéneros máis representativos	5	5		X	
14	Cantiga de amigo e cantiga de amor	Introdución ao estudo da literatura medieval galego-portuguesa. Estudo dos xéneros cantiga de amigo e cantiga de amor da lírica profana trobadoresca	5	5		X	
15	Cantiga de escarnio. Pastorela e outros xéneros	Estudo das cantigas de escarnio e maldicir e dos xéneros menores da lírica profana	5	5			X
16	Cantigas de Santa María e prosa medieval	Estudo da lírica relixiosa e da prosa medievais. Lectura obrigatoria dalgún texto literario, ensaístico ou novela gráfica a escoller dunha relación de obras propostas	5	5			X
17	Epígonos trobadorescos. Literatura do galego medio. A Ilustración	Abordarase a decadencia da lírica galego-portuguesa e farase un achegamento ás principais obras literarias e autores do período coñecido como Séculos escuros. Dedicaremos atención especial ás pezas de teatro breve de recente aparición, xunto ás xa coñecidas	5	5			X
18	O Prerrexurdimento	Farase unha introdución á literatura do século XIX e estudaranse as principais obras e autores do período 1800-1863, con atención ás descubertas textuais dos últimos anos	5	5			X
19	Rosalía de Castro	Estudo do Rexurdimento cultural do XIX e da figura e obra de Rosalía de Castro. Abordarase a perspectiva de xénero na lectura dos seus poemas. Realización dunha exposición oral sobre algún tema relacionado coa lusofonía	5	5			X
20	Eduardo Pondal e Manuel Curros Enríquez	Estudo das figuras de Eduardo Pondal e Manuel Curros Enríquez. Farase un achegamento aos símbolos nacionais galegos, prestado especial atención ao Himno e os avatares sufridos na súa fixación textual	3	5			X
21	Outros autores do Rexurdimento	Estudo doutras figuras relevantes do Rexurdimento literario, prestando atención á produción prosística e teatral do período	2	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Somos moi do monte	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identifica os elementos que participan no proceso de comunicación, así como os elementos non verbais da comunicación	PE	80
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Distingue as características formais e de contido dos textos publicitarios		
CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta.	É capaz de elaborar textos publicitarios, aplicando os mecanismos de coherencia, cohesión e adecuación		
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Coñece os diferentes niveis da lingua: fonolóxico, gramatical (morfosintáctico) e léxico	TI	20
CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Coñece e emprega as técnicas de cohesión textual baseadas nas relacións semánticas de palabras		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración

Contidos

- da forma e contido do texto.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto.
- Producción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
2	Sushi	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas.	Coñece os fenómenos de contacto entre linguas: bilingüismo, conflito e diglosia. Reflexiona sobre o impacto das redes sociais e dos medios de comunicación nestes fenómenos		
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Domina os conceptos de lingua hexemónica, lingua minoritaria, lingua minorizada e ecolingüismo	PE	75

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Coñece as características do texto narrativo		
CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Comprende os precedementos de derivación na formación de palabras e é capaz de mellorar un texto de produción propia mediante o emprego dun vocabulario rico e variado	TI	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística. - Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de os combater. - Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. O papel actual das redes sociais e dos medios de comunicación. - Dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais. Modelos de convivencia entre linguas, as súas causas e consecuencias. Linguas hexemónicas. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. Ecoloxía e sustentabilidade lingüística. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico. - Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo. - Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
3	A saca	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Domina as regras de formación do xénero e do número do substantivo e do adxectivo e é capaz de empregalas axeitadamente nos textos de produción propia	PE	55
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Identifica e valora a orixe e antigüidade dalgunhas palabras galegas de uso frecuente. Recoñece os cambios lingüísticos fundamentais na evolución histórica da lingua galega		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Emprega estratexias para resolver conflitos de diverso tipo a través do diálogo	TI	45
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Domina, en interaccións orais, as estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica (con especial atención ao éuscaro e ao catalán), contrastándooas en manifestacións orais, escritas e multimodais. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto. - Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta). - Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo. - Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo. - Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
4	Onde está Ánxela?	5

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Coñece as características do texto descritivo. Coñece as características do galego medieval	PE	70
CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Usa correctamente as partículas comparativas do adxectivo	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto. - Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta). - Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo. - Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo. - Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
5	Cinco formatos por expandir	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Recoñece as características e a estrutura dos textos expositivo-informativos.	PE	45
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Coñece a tipoloxía e o uso dos distintos pronomes persoais e domina a correcta colocación das formas pronominais átonas		
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza unha exposición oral sobre algún grupo ou cantante galegos actuais. Analiza as desviacións da norma presentes nas letras das súas cancións	TI	55
CA2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Elabora un traballo sobre as características lingüísticas do galego medio partindo da lectura dunha escolma representativa de textos dos Séculos escuros		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto. - Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes.

Contidos

- Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).
- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
6	Mudanzas	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Coñece as características do texto argumentativo. Coñece as características do galego moderno (ata 1916)	PE	70
CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Recoñece a temática, as características e a estrutura que aborda unha obra narrativa longa como lectura obrigatoria do trimestre	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta). - Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo. - Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo. - Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
7	Máis ovella que vaca	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o sentido, a estrutura e a información máis relevante dunha noticia. Identifica a variedade diafásica e diastrática empregadas na redacción dunha noticia e cotéxaas coas variedades empregadas en textos de diversa tipoloxía	PE	70
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Coñece o uso correcto dos diferentes tempos verbais		
CA2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información.	Desenvolve estratexias de verificación de noticias falsas sobre temas de actualidade extraídas de Internet	TI	30

